

Disposición final segunda.

O Goberno dictará as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición final terceira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xuño de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

12907 *LEI ORGÁNICA 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de axuízamento criminal. («BOE» 138, do 10-6-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de acción contra a violencia doméstica, aprobado por acordo do Consello de Ministros do 30 de abril de 1998, incluía entre as súas medidas determinadas accións legislativas encamiñadas á modificación do Código penal e da Lei de axuízamento criminal para logra-la erradicación das condutas delictuosas consistentes en malos tratos, así como para lles outorgar unha maior e mellor protección ás vítimas de tan deplorables condutas.

A articulación de tales medidas legislativas concrétese, en canto se refire ó Código penal, na modificación dos artigos 33, 39, 48, 57, 83, 105, 153, 617 e 620, modificación que supón, entre outras innovacións, a inclusión como pena accesoria de determinados delitos da prohibición de aproximación á vítima, a tipificación como delito específico da violencia psíquica exercida con carácter habitual sobre as persoas próximas e facer posible o exercicio de oficio da acción penal nos supostos de faltas, ó mesmo tempo que se adecúa a imposición da sanción penal ás posibles consecuencias sobre a propia vítima.

En canto á Lei de axuízamento criminal, a modificación dos seus artigos 13 e 109, xunto coa introducción dun novo artigo 544 bis, persegue o obxectivo de facilita-la inmediata protección da vítima nos delitos de referencia, mediante a introducción dunha nova medida cautelar que permita o distanciamento físico entre o agresor e a vítima, medida que poderá acordarse entre as primeiras dilixencias. Por outra banda, refórmase o artigo 104 da dita lei para permiti-la persecución de oficio das faltas de malos tratos, ó tempo que se elimina a obsoleta referencia que se contén en tal precepto á deso-

bediencia das mulleres respecto dos seus maridos ou dos fillos respecto dos seus pais. Tamén se revisa a redacción do artigo 103 co obxecto de a pór en consonancia co vixente Código penal.

Por último, tamén dentro da reforma da Lei de axuízamento criminal, procurouse introducir un aspecto altamente novo de carácter procesual que pode redundar nunha considerable minoración das consecuencias que sobre a propia vítima ou sobre as testemuñas menores de idade pode te-lo desenvolvemento do proceso. Neste sentido, introdúcese a cobertura legal necesaria para que non se produza confrontación visual entre aquelas e o procesado; a forma de levarse a cabo poderá consistir na utilización de medios audiovisuais. Por congruencia con este principio, a práctica de acareos cando as testemuñas sexan menores de idade pasa a ter carácter excepcional.

CAPÍTULO I**Modificacións do Código penal****Artigo primeiro.**

Os artigos que a continuación se relacionan do libro I do Código penal modifícanse nos seguintes termos:

1. A alínea g) do número 2 do artigo 33 queda redactada da forma seguinte:

«g) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles, por tempo superior a tres anos.»

2. A alínea f) do número 3 do artigo 33 queda redactada da forma seguinte:

«f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles, por tempo de seis meses a tres anos.»

3. Engádese unha alínea b) bis ó número 4 do artigo 33, coa seguinte redacción:

«b) bis. A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles, por tempo inferior a seis meses.»

4. A alínea f) do artigo 39 queda redactada da forma seguinte:

«f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles.»

5. O artigo 48 queda redactado da forma seguinte:

«A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles impídelle ó penado volver ó lugar en que cometese o delito, ou a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se fosen distintos.

A prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impídelle ó penado achegarse a eles en calquera lugar onde se atopen, así como achegarse ó domicilio das ditas persoas, ós seus lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por elas.

A prohibición de comunicarse coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impídelle ó penado establecer con eles, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual.»

6. O artigo 57 queda redactado da forma seguinte:

«Os xuíces ou tribunais, nos delitos de homicidio, aborto, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, o honor, o patrimonio e a orde socioeconómica, atendendo á gravidade dos feitos ou ó perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentencias, dentro do período de tempo que eles mesmos sinalen, que en ningún caso excederá de cinco anos, a imposición dunha ou varias das seguintes prohibicións:

a) A de aproximación á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.

b) A de que se comunique coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.

c) A de volver ó lugar en que se cometese o delito ou de acudir a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se fosen distintos.

Tamén poderán imporse as prohibicións establecidas neste artigo, por un período de tempo que non excederá de seis meses, pola comisión dunha infracción cualificada como falta contra as persoas dos artigos 617 e 620 deste código.»

7. Engádese un novo subnúmero 1.º bis ó número 1 do artigo 83, coa seguinte redacción:

«1.º bis. Prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles.»

8. Engádese unha nova alínea g) ó número 1 do artigo 105, coa seguinte redacción:

«g) Prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles.»

9. Engádeselle ó número 1 do artigo 132, a continuación do seu texto vixente, o seguinte inciso:

«Na tentativa de homicidio e nos delitos de aborto non consentido, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, cando a vítima for menor de idade, os termos computaranse desde o día en que esta acade a maioría de idade, e se falecer antes de acadala, a partir da data do falecemento.»

Artigo segundo.

Os artigos 153, 617 e 620 do Código penal modifícanse nos seguintes termos:

1. O artigo 153 queda redactado da forma seguinte:

«O que habitualmente exerza violencia física ou psíquica sobre quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou sobre persoa que estea ou estivese ligada a el de forma estable por análoga relación de afectividade, ou sobre os fillos propios ou do cónxuxe ou convivente, pupilos, ascendentes ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curadoría, acollemento ou garda de feito dun ou outro, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos, sen prexuízo das penas que puidesen corresponder ós delitos ou faltas en que se concretasen os actos de violencia física ou psíquica.

Para apreciar a habitualidade a que se refire o parágrafo anterior, atenderase ó número de actos de violencia que resulten acreditados, así como á proximidade temporal deles, con independencia de que a dita violencia se exercese sobre a mesma ou diferentes vítimas das comprendidas neste artigo, e de que os actos violentos fosen ou non obxecto de axuízamento en procesos anteriores.»

2. O número 2 do artigo 617 queda redactado como segue:

«O que golpear ou maltratar de obra a outro sen causarlle lesión será castigado coa pena de arresto dun a tres fins de semana ou multa de dez a trinta días.

Cando o ofendido for algunha das persoas ás que se refire o artigo 153, a pena será a de arresto de tres a seis fins de semana ou multa dun a dous meses, tendo en conta a posible repercusión económica que a pena imposta puidese ter sobre a propia vítima ou sobre o conxunto dos integrantes da unidade familiar.»

3. No artigo 620 modifícase o ata agora parágrafo final e engádese un novo parágrafo, que pasa a se-lo último, quedando os ditos parágrafos coa seguinte redacción:

«Os feitos descritos nos dous números anteriores só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agravada ou do seu representante legal.

Cando o ofendido for algunha das persoas ás que se refire o artigo 153, a pena será a de arresto de dous a catro fins de semana ou a de multa de dez a vinte días, tendo en conta a posible repercusión económica que a pena imposta puidese ter sobre a propia vítima ou sobre o conxunto dos integrantes da unidade familiar. Nestes casos non será esixible a denuncia a que se refire o parágrafo anterior deste artigo, excepto para a persecución das inxurias.»

CAPÍTULO II

Modificacións da Lei de axuízamento criminal

Artigo terceiro.

Introdúcense na Lei de axuízamento criminal as seguintes modificacións:

1. O artigo 13 queda redactado da forma seguinte:

«Considéranse como primeiras dilixencias a de consigna-las probas do delito que poidan desaparecer, a de recoller e pór en custodia canto con-

duza á súa comprobación e á identificación do delincente, a de deter, se é o caso, os presuntos responsables do delicto, e a de protexe-los ofendidos ou prexudicados por el, protexe-los seus familiares ou outras persoas podendo acordarse para tal efecto as medidas cautelares a que se refire o artigo 544 bis desta lei.»

2. O artigo 14, primeiro, queda redactado da forma seguinte:

«Para o coñecemento e decisión dos xuízos de faltas, o xuíz de instrucción. Sen embargo, coñecerá dos xuízos por faltas tipificadas nos artigos 626, 630, 632 e 633 do Código penal, o xuíz de paz do lugar en que se cometesen. Tamén coñecerán os xuíces de paz dos xuízos por faltas tipificadas no artigo 620, 1.º e 2.º, do Código penal, excepto cando o ofendido for algunha das persoas a que se refire o artigo 153 do mesmo código.»

3. O artigo 103 queda redactado da forma seguinte:

«Tampouco poderán exercitar accións penais entre si:

1.º Os cónxuxes, a nor ser por delicto ou falta cometidos por un deles contra a persoa do outro ou a dos seus fillos, e polo delicto de bigamia.

2.º Os ascendentes, descendentes e irmáns por natureza, pola adopción ou por afinidade, a non ser por delicto ou falta cometidos por uns deles contra as personas dos outros.»

4. O parágrafo segundo do artigo 104 queda redactado da forma seguinte:

«As faltas consistentes no anuncio por medio da imprenta de feitos falsos ou relativos á vida privada, co que se prexudique ou ofenda a particulares, e en inxurias leves só poderán ser perseguidas polos ofendidos ou polos seus lexítimos representantes.»

5. Engádeselle ó artigo 109 un último parágrafo, redactado da forma seguinte:

«En calquera caso, nos procesos que se sigan por delitos comprendidos no artigo 57 do Código penal, o xuíz asegurará a comunicación á vítima dos actos procesuais que poidan afectar á súa seguridade.»

6. Engádeselle ó artigo 448 un último parágrafo, redactado da forma seguinte:

«Cando a testemuña sexa menor de idade, o xuíz, atendendo á natureza do delicto e ás circunstancias da dita testemuña, poderá acordar en resolución motivada e logo de informe pericial que se evite a confrontación visual da testemuña co inculpado, utilizando para iso calquera medio técnico ou audiovisual que faga posible a práctica desta proba.»

7. Engádesese un segundo parágrafo ó artigo 455, co seguinte contido:

«Non se practicarán acareos con testemuñas que sexan menores de idade salvo que o xuíz o considere imprescindible e non lesivo para o interese das ditas testemuñas, logo de informe pericial.»

8. Engádesese un novo artigo 544 bis, coa seguinte redacción:

«Nos casos nos que se investigue un delicto dos mencionados no artigo 57 do Código penal, o xuíz ou tribunal poderá, de forma motivada e cando

resulte estrictamente necesario para a protección da vítima, imporlle cautelarmente ó inculpado a prohibición de residir nun determinado lugar, barrio, municipio, provincia ou outra entidade local, ou comunidade autónoma.

Nas mesmas condicións poderá imporlle cautelarmente a prohibición de acudir a determinados lugares, barrios, municipios, provincias ou outras entidades locais, ou comunidades autónomas, ou de aproximarse ou comunicarse, coa graduación que sexa precisa, a determinadas persoas.

Para a adopción destas medidas teranse en conta a situación económica do inculpado e os requirimentos da súa saúde, situación familiar e actividade laboral. Atenderase especialmente á posibilidade de continuidade desta última, tanto durante a vixencia da medida como trala súa finalización.

O incumprimento por parte do inculpado da medida acordada polo xuíz ou tribunal poderá dar lugar, tendo en conta a incidencia do incumprimento, os seus motivos, gravidade e circunstancias, á adopción de novas medidas cautelares que impliquen unha maior limitación da súa liberdade persoal, sen prexuízo das responsabilidades que do incumprimento puideren resultar.»

9. Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 707, co seguinte contido:

«Cando a testemuña sexa menor de idade, ou xuíz ou tribunal poderá, en interese da dita testemuña e mediante resolución motivada, logo de informe pericial, acordar que sexa interrogada evitando a confrontación visual co inculpado, utilizando para iso calquera medio técnico ou audiovisual que faga posible a práctica desta proba.»

10. Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 713, co seguinte contido:

«Non se practicarán acareos con testemuñas que sexan menores de idade salvo que o xuíz ou tribunal o considere imprescindible e non lesivo para o interese das ditas testemuñas, logo de informe pericial.»

Disposición final única.

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 9 de xuño de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

13070 *REAL DECRETO LEI 10/1999, do 11 de xuño, polo que se derroga a exención do imposto sobre o valor engadido das entregas de bens efectuadas nas tendas libres de impostos a viaxeiros con destino a outros estados membros da Comunidade Europea.* («BOE» 140, do 12-6-1999.)

O artigo 28.duodécimo da Directiva 91/680/CE, do 16 de decembro, pola que se aprobou a regulación do réxime transitorio do imposto sobre o valor engadido para o mercado interior, que entrou en funcionamento o día 1 de xaneiro de 1993, recoñeceulles ós estados